#3 EDITION

GFFF

GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA FREAK E TERROR DE VIGO

EDITORIAL

por Juan de Castro, director do GFFF

Camiñando e xirando nunha estupenda cinta de Moebius chegamos neste 2020 á peli de "ciencia realidade" máis tola das nosas vidas de primates. Tempos totalmente distópicos e abraiantes que non son quen de deter as nosas ansias cinéfilas e festivaleras.

A edición que temos o pracer de presentarvos este ano é unha edición feita nas guerillas do Mecong, de resistencia numantina e de loita espartana! O seu custou, pero estamos tan cheos coa escolma de filmes que temos na nosa **Sección Oficial** que non vemos o momento de que visionedes estes **62 traballos**. Filmes ben peneirados e escollidos entre centos e centos para que vos deixen as neuronas ben fritidas e os miolos coma o mercurio. Premiadas e exhibidas nos festivais máis importantes do mundo! Que dirían os nosos amados líderes!

Sendo **"The Shining"** o filme homenaxeado nesta edición tiñamos que aliarnos novamente con **Caspervek Ensemble** para unha inauguración moi especial, coa proxección musicalizada de **"A carreta pantasma"** mítico filme referencial para grandes realizadores como **Stanley Kubrick**. De seguro será emocionante.

E como o festival é máis que cinema, dentro das actividades paralelas presentamos a provocadora exposición de **Paulo Mosca**, a gravación do podcast **Especial Anónimo IV** cuns convidados inmellorables, a nosa **Aula CREA** co eminente **Conrado Xalabarder** e o agardado encontro de **Festivais Freaks e Fantásticos Galegos, FFFG**.

Non hai dúbida de que este ano pandémico seremos menos frikis na nosa Sala Overlook e estaremos menos bébedos (nunca se sabe…). So a elite da elite freak da bisbarra, a *resistance*, os nosos devotos VIFs serán os elexidos para o ritual!!

No canto destas limitacións físicas e terrenais o GFFF emitirá dende o seu garaxe un nítido e contundente sinal a través da plataforma **Festhome** para levarche ao teu sofá toda a Sección Oficial. Non renuncies a túa batamanta e as mellores curtas freaks do mundo!! Non tal! **GFFF ONLINE** para o teu fogar!!

Gozade pois do festival con nós ou na casiña, ben protexidos, axudarémosvos.

Para todos vós co noso amor freak máis turbio e esperpéntico.

4 HORARIO
6 FILME HOMENAXEADO: "THE SHINING"
7 INAUGURACIÓN: "A CARRETA PANTASMA"
8 INAUGURACIÓN SECCIÓN OFICIAL 'NIMIC'
9 SECCIÓN OFICIAL
10 BLOQUE CURTAS: ALIMENTO PARA O MAXÍN
13 BLOQUE CURTAS: AREPÍO
16 BLOQUE CURTAS: CIENCIA FICCIÓN
20 BLOQUE CURTAS: CO CU TORCIDO Vol I
24 BLOQUE CURTAS: CO CU TORCIDO Vol 2
28 BLOQUE CURTAS: HUMOR FREAK Vol I
32 BLOQUE CURTAS: HUMOR FREAK Vol 2
36 BLOQUE CURTAS: HUMOR FREAK Vol 3
40 BLOQUE CURTAS: QUE CARALLO É ISTO? Vol I
43 BLOQUE CURTAS: QUE CARALLO É ISTO? Vol 2
46 BLOQUE CURTAS: SESIÓN ESPECIAL " SERIAL KILLER"
49 CLAUSURA DO FESTIVAL: PREMIER "DEVORADOS POR LA NOCHE" + #CURTAOUSUSTO + ENTREGA DE PREMIOS
52 PODCAST ANÓNIMO IV
54 MESA CADRADA FFFG 'FESTIVAIS FREAKS E FANTÁSTICOS GALEGOS'
55 AULA CREA
56 EXPOSICIÓN RETROSPECTIVA PAULO MOSCA
57 SUBTITULADO ENXEBRE 'EN GALEGO, FAI FAVOR' / SUBTITULADO PARA XORDOS
58 MEDIDAS COVID

Equipo que fixo posible esta #3 edition do GFFF :

Dirección e produción: Juan de Castro
Axudantes de dirección: Miriam P. Álvarez e Ignacio Lago
Coordinación de Programación: Paula Pazo
Programación: Severiano Casalderrei, Miriam P. Álvarez, Ignacio Lago, Paula Pazo, Andre de Oliveira e Juan de Castro.
Redes e Comunicación: Miriam P. Álvarez e Celeste Conde
Responsable técnico, construcción web e VOD: Ignacio Lago
Edición vídeo e promos: Miriam P. Álvarez
Tradución e subtitulado: Paula Pazo
Ambientación e decoración: Raquel Vázquez
Deseño gráfico: María Llauger
Fotografía/Vídeo: Jorge Fernández
Cartel #3Edition: Paulo Mosca
Motion Graphics: Marcos Mosquera
Galardóns: Cubo.xyz
Colaboradores: Óscar Suárez, Alberto Guisande, Borja Figueroa, María Valero, Rubén Domínguez

MÉRCORES 28

19.30h no CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

INAUGURACIÓN CONCERTO

A CARRETA PANTASMA

musicalizada en directo por Caspervek Ensemble *106'*

XOVES 29

na SALA OVERLOOK

15.00h

PODCAST: ANÓNIMO IV LIVE *90'*

17.00h

BLOQUE CURTAS **HUMOR FREAK Vol. 1** *59'*

18.30h

BLOQUE CURTAS **CIENCIA FICCIÓN** *67'*

20.00h

INAUGURACIÓN SECCIÓN OFICIAL

NIMIC + Presentación do festival *30'* +

BLOQUE CURTAS **CO CU TORCIDO Vol. 1** *67'*

PREZOS

ASISTENCIA PRESENCIAL

ASISTENCIA ONLINE

MÁIS INFO E VENDA DE ENTRADAS EN: galicianfreakyfestival.com

VENRES 30

na SALA OVERLOOK

12.00h

MESA CADRADA FFFG

16.00h

AULA CREA

17.30h

BLOQUE CURTAS **QUE CARALLO É ISTO? Vol. 1** *58'*

19.00h

BLOQUE CURTAS **HUMOR FREAK Vol. 2** *58'*

20.30h

BLOQUE CURTAS **ARREPÍO** *54'*

SÁBADO 31

na SALA OVERLOOK

11.00h

BLOQUE CURTAS **ALIMENTO PARA O MAXÍN** *52'*

12.30h

BLOQUE CURTAS **HUMOR FREAK Vol. 3** *60'*

16.30h

BLOQUE CURTAS **QUE CARALLO É ISTO? Vol. 2** *64'*

18.00h

BLOQUE CURTAS **ESPECIAL "SERIAL KILLER"** *72'*

19.30h

BLOQUE CURTAS **CO CU TORCIDO Vol. 2** *57'*

CLAUSURA **PREMIER 'DEVORADOS POR LA NOCHE' + #CURTAOUSUSTO + ENTREGA DE PREMIOS**

FILME HOMENAXEADO: "THE SHINING"

por Óscar Suárez

Hail, hail, queridos freakies! Preparados para outra edición? Non vos podedes imaxinar o que ides sufrir. Ja, ja, ja, pero acougade, non temades. Nin os clásicos colmillos de ultratumba, nin as fauces das criaturas máis espantosas, nin os peores pesadelos do doutor Mabuse. Nada poderá facervos dano. Seredes inmunes aos ataques de babosas mutantes, de vengadores tóxicos e tomates asasinos, e ningún bonequiño poderavos endemoniar por moi diabólico que sexa.

Este ano, amigos freakies, gozades dun don moi especial. Pechade os vosos ollos. Avanzade a modo por eses corredores bañados en sangue, enchoupados polo cheiro de espectros elegantes. Avanzade e deixádevos guiar cara a esa habitación tan cómoda no hotel do voso Festival favorito. Unha cama espéravos. Deitádevos sobre a súa colcha estampada coas entrañas de centos de vítimas. Deitádevos pousadamente, sen abrir os ollos, o GFFF está a piques de comezar. O filo dunha machada peta na porta. Que agradable son! Que acto tan puro! Un orgasmo de ectoplasma derrama todos os vosos sentidos… Chssst, quietos!, non rosmar, non vos movades nin tremades o máis mínimo, seguide cos ollos pechados. Lembrade, este ano posuídes un don moi, moi especial.

Chámanlle, O SHINING.

INAUGURACIÓN: 'A CARRETA PANTASMA'

Mércores 28 de outubro / 19.30h
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

Arrancamos esta pandémica edición cunha actividade que tennos ben collidos: a musicalización de grandes filmes da mán de **Caspervek Ensemble**. Desta volta será a película sueca de 1921 **"A carreta pantasma"** do director e actor **Victor Sjöström**.

Este filme goza de grande relevancia na historia do cinema xa que foi pioneira no uso de técnicas fílmicas nunca vistas ou non de tanta calidade coma as dobles exposicións e elaboradísimas composicións que amosan o minucioso traballo de **Julius Jaenzon** á fotografía. Planos espectrais e fantasmagóricos cunha profundidade dimensional sen precedentes. Complementa esta excelente factura un guión moi traballado con narracións en flash-backs, afondando nos seus decadentes personaxes como é a progresiva destrución da dignidade humana por parte dunha sociedade cruel e egoísta que leva aos máis desafortunados ao camiño da violencia e a tolemia. Esta fabulosa combinación de talentos dan lugar a unha historia chea de escuridade, degradación e poesía

A elección desta cinta vén inspirada por **"The Shining"**, filme ao que o GFFF brínda homenaxe e do cal Stanley Kubrick, e moitos máis, nutríronse flagrantemente para as súas creacións. Isto, e a fortuna de que **Brais González** e o seu conxunto tiñan xa esta película traballada e estreada en Poznan (Polonia), mais a versión que será estreada en España nesta ocasión será ben diferente, unha nova versión para quinteto da partitura orixinal de 2015. Esta composición de Brais integra además dous temas folclóricos suecos dentro do xa propio universo e estilo Caspervek.

Músicos:

Piano y dirección: Brais González
Percusión: Blas Castañer
Violín: Erea Carbajales
Clarinete:Tonio Comesaña
Trompa: Ainara González



A CARRETA PANTASMA

SUECIA // 1921 // 106'

VICTOR SJÖSTRÖM

Noitevella. Tres bébedos evocan unha lenda. A lenda di que se unha persoa é unha gran pecadora e é a última en morrer ese ano, terá que conducir durante os seguintes doce meses a carreta pantasma, recollendo as almas dos mortos. David Holm, un dos tres tunentes morre no último golpe da medianoite...

REPARTO: Victor Sjöström, Hilda Borgström, Tore Svennberg.

PRODUCIÓN: Charles Magnusson.

GUIÓN: Victor Sjöström a partir de la novela homónima de Selma Lagerlöf.

FOTOGRAFÍA: Julius Jaenzon.

INAUGURACIÓN SECCIÓN OFICIAL: 'NIMIC' + PRESENTACIÓN DO FESTIVAL

Xoves 29 de outubro / 20.00h

SALA OVERLOOK



NIMIC

GRECIA // 2019 // 12'

YORGOS LANTHIMOS

Un violonchelista profesional ten un encontro cunha descoñecida no metro que terá ramificacións inesperadas e de gran alcance na súa vida.

REPARTO: Matt Dillon, Daphne Patakia, Susan Elle, Sara Lee.

- Premier Locarno FF 2019
- Selección Melbourne FF 2020

DIRECCIÓN:
Yorgos Lanthimos

- La Favorita (2018)
- El Sacrificio de un ciervo sagrado (2017)
- Langosta (2015)

SECCIÓN OFICIAL

BLOQUE CURTAS

ALIMENTO PARA O MAXÍN

Sábado 31 outubro // 11.00h
SALA OVERLOOK

- KIDS
- PIPPO ET L'AMOUR AVEUGLE (Estrea en GALICIA)
- MASCOT (Estrea en ESPAÑA)
- WHY SLUGS HAVE NO LEGS (Estrea en GALICIA)
- LAS NIÑAS TERRIBLES (Estrea en GALICIA)



KIDS

SUÍZA // 2019 // 9'
MICHAEL FREI

Como nos definimos a nós mesmos cando todos somos iguais?

REPARTO: Michael Frei, Martine Ulmer, Anaïs Voirol (Animadores)

- Premier – 69 Berlinale (Generation)
- Selección oficial -ANNECY 2019
- Selección oficial – Go Short 2019

DIRECCIÓN:
Michael Frei

- Plug & Play (2013)
- Not About Us (2012)



PIPO ET L'AMOUR AVEUGLE

FRANCIA // 2019 // 13' 16"
HUGO LE GOURRIEREC

Nun mundo deshumanizado onde as emocións están controladas por un medidor, Pipo, un traballador da fábrica, namórase dunha muller sentada nun banco. Tentará calquera cousa para chamar a súa atención e seducila coa súa propia «linguaxe».

REPARTO: Solange Fréjean, Anatole Zangs

- Premio UniFrance da curtametraxe 2020
- Selección oficial – TISFF 2020

DIRECCIÓN:
Hugo Le Gourrierec

- ADN (2020)
- Je nourris, je meurs (2019)



MASCOT

COREA DO SUR // 2019 // 6' 50"
LEEHA KIM

Un raposo quere converterse nunha mascota da cidade e estuda na academia de adestramento de Mascotas. Vive nunha pequena casa, fai malabares con moitos traballos a tempo parcial e ten que contratar un préstamo para financiar a cirurxía plástica.

REPARTO: Myunghoe Kim

- Mención especial – 41st Clermont-Ferrand ISFF
- Selección oficial – ANNECY 2020

DIRECCIÓN:
Leeha Kim

Esta é a súa primeira curtametraxe



WHY SLUGS HAVE NO LEGS

SUÍZA // 2019 // 10’ 54’
ALINE HÖCHLI

As lesmas non sempre estiveron carentes de brazos. Pero sempre foron lentas. De feito, son tan lentas que se fan insoportables para as súas compañeiras de traballo, as abellas sempre ocupadas. Durante a grande crise financeira na cidade dos insectos, as abellas só ven un xeito de salvar o seu outrora florecente negocio. O que segue é un gran paso na evolución dos animais.

- Selección oficial – Toronto IFF 2019
- Selección oficial – Chicago IFF 2020

DIRECCIÓN:
Aline Höchli

- Kuckuck (2017)
- He sö kherö (2016)
- Holger (2014)

LAS NIÑAS TERRIBLES

ESPAÑA // 2020 // 11’ 45”
DAVID ORELLANA

No cumio dun outeiro perdido, un grupo de nenos e nenas traballan na construción dun estraño monumento, sempre gardado por un garda inquietante. A falta de cohesión no grupo levará a un conflito no que todo estará en xogo.

REPARTO: Myunghoe Kim

- Premio Mellor Animación – Festival de Cine de Sant Joan d Alacant 2020
- Selección oficial – 3D Wire Fest

DIRECCIÓN:
David Orellana

BLOQUE CURTAS

ARREPÍO

Venres 30 outubro // 20.30h
SALA OVERLOOK

- BADALADAS DE AMOR E MORTE
- NO PODRÁS VOLVER NUNCA (Estrea en GALICIA)
- AAMAMÁ (Estrea en GALICIA)
- EL BAZAR (Estrea en GALICIA)
- PULSIÓN (Estrea en GALICIA)



BADALADAS DE AMOR E MORTE

GALICIA // 2019 // 17’
IRIA ARES

Unha homenaxe ao cine de Orson Welles, filmado en Galicia e en 16mm. Unha historia romántica cun único protagonista: a morte. A lenda conta que o último día do ano, cando soan as 12 badaladas da medianoite, as almas dos que van morrer o ano que vén chegan ao cemiterio. Serás un deles?

REPARTO: Iria Ares, Xoán Carlos Mejuto

- Selección oficial – Semana Internacional Cine Autor Lugo 2020
- Selección oficial – Festival Primavera do Cine de Vigo 2020

DIRECCIÓN:
Iria Ares

- La Increíble Historia de Macareno y la Puta Milagrosa (2010)



NO PODRÁS VOLVER NUNCA

ESPAÑA // 2020 // 13’ 35’

MÓNICA MATEO

Ana e David despídense coma calquera outro día. A moza ten plans, pero non volverá tarde. Non obstante, prodúcese algo extraordinario; algo que altera a súa realidade e cambia todo por completo.

REPARTO: Ximena Vera, Chumo Mata, Laura De Pedro, Juana Andueza, Darío Paso, Carolo Ruiz, Val Nuñez, Ángel Pueblas, Alicia Tomé

- Premio Exaequo Mejor Montaje – Riurau FF
- Outstanding International Short Award – Buffalo Dreams Fantastic FF

DIRECCIÓN:
Mónica Mateo

- Adam Peiper (2015)
- Forever Young (2014)

AAMAMÁ

ESPAÑA // 2019 // 3’ 21”

MIGUEL ALCALDE

A tarde de Elena, unha moza de apenas trece anos, convértese nun pesadelo cando a nai lle pide que a chame ao teléfono móbil, que non atopa.

REPARTO: Marisa Ruiz, Inés Vázquez

- Selección oficial – Festival de Sitges
- Selección oficial – Plasencia en corto

DIRECCIÓN:
Miguel Alcalde

EL BAZAR

ESPAÑA // 2020 // 12' 26"
LUIS FERNÁNDEZ-JARDÓN

Un executivo entra accidentalmente nunha tenda para cargar o seu móbil. Pronto comezarán a ocorrer acontecementos estraños e inexplicables, e é que nese bazar nada é o que parece.

REPARTO: Pablo Díez, Sergio Cardoso, Alonso Posadas, Javier Mirantes

- Selección oficial – 11 SUSTEFEST – Festival de cine de terror y suspenso Guanajuato (México)
- Selección oficial – 10 Cinefantasy (Brasil)

DIRECCIÓN:
Luis Fernández-Jardón

- Intercepción (2020)
- El brazalete de oro (co-director) (2019)
- El manuscrito Vindel (2016)

PULSIÓN

ARXENTINA // 2019 // 6' 57"
PEDRO CASAVECCHIA

A retorta historia dun neno que medra nunha familia disfuncional. Este thriller psicolóxico segue ao personaxe ao longo dun descenso en espiral ata a tolemia, mesturándose no retrato dun asasino.

- Mellor filme de animación 41st Clermont-Ferrand ISFF
- Gran premio internacional – Animakon

DIRECCIÓN:
Pedro Casavecchia

Esta é a súa primeira curtametraxe

BLOQUE CURTAS
CIENCIA FICCIÓN

Xoves 29 outubro // 18.30h
SALA OVERLOOK

- ONDE DORMEN AS GAIVOTAS
- JE L'AIME ALORS JE LA QUITTE (Estrea en ESPAÑA)
- 400 MPH
- THE LONELY ORBIT (Estrea en GALICIA)
- LIMBO FUNGOS (Estrea en ESPAÑA)
- R&R (RÊVE ET RÉALITÉ) (Estrea en ESPAÑA)



ONDE DORMEN AS GAIVOTAS

GALICIA // 2020 // 11' 43"
DANI CORNES

Nun futuro afectado polo cambio climático, a bióloga Amelia chega a un arquipélago remoto nunha tarefa de recoñecemento. Illada do mundo, a súa única compañía é a voz de Control no seu oído.

REPARTO: Lidia Veiga Nieto e Yago Durán

- Premio Novas Camadas Deleite – Festival de Cans 2020
- Premio do Xurado – Desafío Audiovisual Illas Cíes

DIRECCIÓN:
Dani Cornes

- Auria, última noite (Co-director) (2020)

JE L'AIME ALORS JE LA QUITTE

FRANCIA // 2020 // 6'

ILAN ZERROUKI

Estamos en proceso de dar a luz aos ogros do mañá. Unha historia de alcance astronómico.

REPARTO: Marion Christmann, Lucas Delesvaux, Ambre Larrazet

- Premio Mellor Comedia – Bari Under the Stars FF 2020
- Premio Mellor Curta de Comedia – Calcutta International Cult FF 2020

DIRECCIÓN:
Ilan Zerrouki

- Backroom Casting (2020)
- La Petite Sirène (2018)



400 MPH

FRANCIA // 2019 // 4' 50"

P. DANNAUD, J. CHAIX, L. DESSERRE, A. LEFORT, N. PIANETI, Q. TIRELOQ

Nas salinas de Bonneville pódese escoitar ao lonxe o son dos motores que ruxen. Ao volante está Ícaro, un chimpancé empeñado en superar os límites da velocidade. A bordo de vehículos icónicos e cada vez máis potentes, Ícaro intentará alcanzar a velocidade máxima de 400 Mph, que se cre imposible para os vehículos terrestres. Mentres Ícaro alcanza o ceo, ¿triunfará ou será consumido pola súa procura autodestrutiva?

- Selección oficial – Short Shorts FF 2020
- Selección oficial – 41st Clermont-Ferrand ISFF 2020

DIRECCIÓN:
P. Dannaud, J.Chaix, L. Desserre, A. Lefort, N. Pianeti, Q. Tireloq

DANNAUD:
- Turbopéra (2018)

THE LONELY ORBIT

SUÍZA // 2019 // 9' 20"
FREDERIC SIEGEL, BENJAMIN MORARD

Marchando para o seu traballo con moito sono, un técnico de satélites mantén a soidade á marxe enviando mensaxes de texto aos seus vellos amigos constantemente. Despois de descoidar as súas funcións, un satélite abandona a súa órbita, o que provoca o colapso da rede mundial.

- Premio Mellor Curtametraxe Animada Sitges Film Festival 2019
- Premio Fantastic Swiss Award Fantoche 2019

DIRECCIÓN:
Frederic Siegel,
Benjamin Morard

SIEGEL:
- Honour (2018)
- Ruben Leaves (2015, graduation film)

MORARD:
- Star Track (2014, graduation film)



LIMBO FUNGOS

BÉLXICA // 2019 // 11'
ALEXIS MENARD

Un astronauta intenta sobrevivir nun planeta onde todo semella hostil. Un desastre que destrúe o seu único refuxio empúxao a anticiparse ao seu intento de fuxir a bordo dun pequeno barco que leva anos construíndo, mais non todo sae como estaba previsto.

- Selección oficial – Festival ANIMA 2020
- Selección oficial – Festival le Court 2020

DIRECCIÓN:
Alexis Menard

Esta é a súa primeira curtametraxe

R&R (RÊVE ET RÉALITÉ)

FRANCIA // 2020 // 24'

TONY CHASLAS TC

Lucas, xornalista local, acaba de perder ao seu avó. O día antes do funeral, Lucas tivo un soño que o levou a 1998 durante un evento que xa experimentara. Ao espertar, xa non pode distinguir o soño da realidade, que semella que cambiou.

REPARTO: Edouard Chény, Jules Diassé, Luc Gentil

- Premio Cult – Critic Movie Awards 2020
- Gold Award – Independent Short Awards

DIRECCIÓN:
Tony Chaslas TC

- Gods Game (TV Movie) (2020)
- Phone Roulette (Short) (2018)
- Sredrum (Short) (2018)
- (S)Ertruem (Short) (2018)
- Normal (Short) (2017)

APOIA:

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA AXENDA 2030

BLOQUE CURTAS

CO CU TORCIDO Vol. I

Xoves 29 outubro // 20.00h
SALA OVERLOOK

- BAD HAIR (Estrea en GALICIA)
- PITCH BLACK PANACEA (Estrea en GALICIA)
- HUMAN NATURE (Estrea en GALICIA)
- MATAR O RATO
- SONRISAS
- JE FINIRAI EN PRISON

BAD HAIR

ESTONIA // 2019 // 14'
OSKAR LEHEMAA

Leo, de 35 anos, inseguro e calvo, pechouse no seu apartamento para probar un pouco dun líquido para medrar pelo e arranxar o seu aspecto. O líquido provoca unha serie de grotescas metamorfoses na pel e o cabelo.

REPARTO: Sten Karpov

Selección oficial – Sundance 2020

DIRECCIÓN:
Oskar Lehemaa

- Vanamehe (2019)



PITCH BLACK PANACEA

INGLATERRA // 2019 // 7’ 19”
TOM HARDIMAN

Amy e Carl teñen ollos preguiceiros. Nun esforzo por atopar unha cura por si mesmos, ambos inscríbense nun tratamento inusual.

REPARTO: Gbenga Akinnagbe, Martha Plimpton, Daphne Rubin-Vega, Jade Mcrea, Fiona Marr

- Selección oficial – Brooklyn FF 2020

DIRECCIÓN:
Tom Hardiman

- Radical Hardcore (2016)

HUMAN NATURE

PAÍSES BAIXOS // 2019 // 2’ 15”
SVERRE FREDRIKSEN

O amor que os animais teñen polas persoas e o dano que nos causan consciente ou inconscientemente.

- Mención do xurado – 43 Kortfilmfestivalen 2020
- Selección oficial – Toronto IFF 2019

DIRECCIÓN:
Sverre Fredriksen

- Cloacinae (co-director) (2017)
- Power Up (Short) (2017)



MATAR O RATO

GALICIA // 2019 // 6' 34"
ISAAC RIVADULLA

Dous homes espertan nunha habitación baleira, cun teléfono como única conexión co exterior. A desconfianza entre eles xoga un papel crave á hora de escapar.

REPARTO: Marcos Pereiro e Federico Pérez

Candidata a Mellor Serie Web – Mestre Mateo

DIRECCIÓN:
Isaac Rivadulla

- No Fío (2020)
- A Cortados (2019)

SONRISAS

ESPAÑA // 2019 // 13' 25"
JAVIER CHAVANEL FRAILE

Borja vai coñecer aos pais de Sara. Un momento delicado e incluso incómodo. Non obstante, nada imaxinado preparou a Borja para o encontro que está a piques de sufrir. A mellor solución: sorrir e esperar a que pase rapidamente.

REPARTO: Luis Miguel Jara, Loreto S. Santamaría

Premio Mellor Dirección de Arte
Riurau FF

DIRECCIÓN:
Javier Chavanel
Fraile

- Un Hombre Dulce (2016)
- Be Happy (2013)
- Un Encanto de Chica (2012)

JE FINIRAI EN PRISON

CANADÁ // 2019 // 23'
ALEXANDRE DOSTIE

A fuxida de Maureen Sauvageau chega ao seu final cando conduce ao seu camión a un accidente de tráfico mortal. Atrapada no medio da nada, debe compartir a compañía e a culpa dun emotivo drogadicto alcumado Jelly The Loon.

REPARTO: Martine Francke, Émile Schneider, Guy Thauvette, Joseph Delorey

- Premio Mellor Filme (Studio Élément) Off-Courts Trouville 2020
- Selección oficial -Toronto IFF 2019

DIRECCIÓN:
Alexandre Dostie

- Mutants (2016)
- Sainte-Cécile (2010)

APOIA:

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2021

BLOQUE CURTAS

CO CU TORCIDO Vol. 2

Sábado 31 outubro // 19.30h
SALA OVERLOOK

- VIEILLE PEAU (Estrea en GALICIA)
- KOHANNIA (Estrea en GALICIA)
- LO SUPERO
- RAÍCES (Estrea en GALICIA)
- HIGH DATING (Estrea en ESPAÑA)
- CHICKEN OF THE DEAD (Estrea en GALICIA)



VIEILLE PEAU

FRANCIA // 2019 // 7’ 33”
JULIE REMBAUVILLE, NICOLAS BIANCO-LEVRIN

Mentres a súa muller cre que está nun seminario de negocios en París, Jean-Luc está sentado nunha chalana que se move por un río pantanoso nalgún lugar de Louisiana. Ten unha cita co bruxo vodú Richardson. Aparentemente Richardson pode resolver calquera problema.

REPARTO: David Olivier Fischer, David Gasman

Selección oficial – ANNECY 2020

DIRECCIÓN:
Julie Rembauville,
Nicolas Bianco-Levrin

- Attention au loup! (2019)
- Petite Étincelle (2019)



KOHANNIA

UCRAÍNA // 2019 // 13' 47"
MYKYTA LYSKOV

O amor profundo aconteceu por fin en Ucraína.

- Premio Golden Dziga a Mellor curtametraxe – Ukranian Film Academy Awards 2020
- Premio do Xurado – Lviv International Short FF Wiz-Art 2019 (Nacional)

DIRECCIÓN:
Mykyta Lyskov

- Imaginary Ladscape (Short) (2016)
- Deep Love (Short) (main director) (2019)
- XIIThe End (Short) (as Nikita Liskov) (2019)
- I bought a bike (Short) (as Nikita Liskov) (2015)



LO SUPERO

ESPAÑA // 2017 // 3'
AINHOA MENÉNDEZ GOYOAGA

Unha cea, uns amigos, un reto.

REPARTO: Goize Blanco, Pablo Castellano, Álvaro Lafora, Ainhoa Menéndez Goyoaga, Edu Díaz

- Selección oficial – NoTodo Film Fest 2020
- Selección oficial – Cortos de Metraje

DIRECCIÓN:
Ainhoa Menéndez Goyoaga

- Stela (2014)
- Bad Night (2012)

RAÍCES

COLOMBIA // 2020 // 8'
JOSE YÁÑEZ

Ahau, sumo sacerdote e gobernador de Chitzchen Itza, enfróntase a unha crise social sen precedentes. Decidido a convocar ao seu antigo deus Kukulkan, enfrontarase á súa propia sombra a través dun ritual que cambiará a súa vida para sempre.

REPARTO: Juan Carlos Manrique

- Premio Mellor curta de animación. – BARCIFF – Barcelona Indie Filmmakers Festival
- Premio mellor película de animación – Short of the Year

DIRECCIÓN:
José Yáñez

Esta é a súa primeira curtametraxe



HIGH DATING

FRANCIA // 2019 // 15'
JULES ZINGG

Á idade de vinte e cinco anos, Julien busca amor nun programa de citas de alta montaña, mais pronto abandona os camiños trillados.

REPARTO: Yoann Leborne e Morgane Bujoli

- Selección oficial – Tous Courts du Aix-en-Provence FF 2019
- Selección oficial – Odense Internationale FF 2020

DIRECCIÓN:
Jules Zingg

- Ici (2016)
- May Katty (2014)

CHICKEN OF THE DEAD

FRANCIA // 2019 // 9’ 54”

JULIEN DAVID

Bernard Lepique é o conselleiro delegado dunha empresa especializada na produción de galiñas medio-orgánicas e medio-antibióticas. Hoxe lanza o seu último produto.

REPARTO: Pascal Benjamin, Julie Jacovella, Gilbert Lévy

- Premio da crítica – Off-Courts Trouville FF 2019
- Selección oficial – Trickfilm 2020 (Festival Internacional de Cine de Animación de Stuttgart)

DIRECCIÓN:
Julien David

- Buddy Joe (Short) (2019)
- Le Python (Short) (2012)
- Les multiples (TV Mini-Series) (2006)

APOIA:

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE · icaa

BLOQUE CURTAS

HUMOR FREAK Vol. I

Xoves 29 outubro // 17.00h
SALA OVERLOOK

- EL TRATAMIENTO (Estrea en GALICIA)
- PUMPERS PARADISE (Estrea en GALICIA)
- IGUALES (Estrea en GALICIA)
- POLTER
- RAIN (Estrea en GALICIA)
- FIRST ACTION HERO (Estrea INTERNACIONAL)



EL TRATAMIENTO

ESPAÑA // 2019 // 8' 58"
ÁLVARO CARMONA

Unha clínica ofrece todo o que sempre quixo a un prezo razoable.

REPARTO: David Ramírez, Carla Torres, Álvaro Carmona, Javier Crespo, Stela Salinas, Elsa Anka

- Premio do Público, Segundo Premio do Xurado, Mellor Gag – XX Festival Fantosfreak 2019
- Premio do Xurado Mellor Curta Undercut e Premio do Público – Fascurt 2020

DIRECCIÓN:
Álvaro Carmona

- Gente Hablando (Serie TV) (2018)
- Clara (2013)



PUMPERS PARADISE

ALEMAÑA // 2019 // 2' 30"
EDDY HOHF

Nun mundo poboado por adictos ás pesas, os habitantes enfróntase co seu maior desafío: situacións cotiás aburridas!

- Selección oficial – First Steps Award (Berlín)
- Selección oficial – 41st Clermont-Ferrand ISFF 2020
- Selección oficial – IndieLisboa 2020

DIRECCIÓN:
Eddy Hohf

Esta é a súa primeira curtametraxe

IGUALES

ESPAÑA // 2019 // 1' 40"
IRLANDA TAMBASCIO WAINE

Carmencita, clienta habitual dunha tenda de unllas chinesa, nunca consegue diferenciar ás traballadoras do local. Como tantos españois, pensa que todos os chineses son iguais. Non obstante, o resultado final da súa manicura vai ser moi especial.

REPARTO: Ana Torres, Yan Huang

- Selección oficial – Shorty Week, Cortos con Ñ
- Selección oficial – Festival Internacional de Micrometrajes

DIRECCIÓN:
Irlanda Tambascio Waine

- Atocha 70 (2012)

POLTER

ESPAÑA // 2019 // 11'
ÁLVARO VICARIO

José enfróntase a un suceso paranormal que irrompe na súa casa. O que comeza coma un simple incidente doméstico resultará ser unha loita total. José debe descubrir que segredo se agocha detrás deses fenómenos.

REPARTO: José Lozano, Belén González, Iván Muelas, José Padilla

- Premio Mellor Curtametraxe – Festival RIR 2020
- Premio Mellor Curtametraxe – Sitges Film Festival 2019

DIRECCIÓN:
Álvaro Vicario

- El Adivino (2016)

RAIN

POLONIA // 2019 // 5'
PIOTR MILCZAREK

A conciencia colectiva e como a ausencia de responsabilidade polas nosas accións nos empurra a seguir a xente sen pensar, o que pode levar á traxedia.

- Premio "Jean-Luc Xiberras" para opera prima – ANNECY 2019
- Selección oficial – 43 Kortfilmfestivalen
- Selección oficial -Telluride FF 2019

DIRECCIÓN:
Piotr Milczarek

Esta é a súa primeira curtametraxe

FIRST ACTION HERO

CHEQUIA // 2019 // 30'

JAN HALUZA

Un mozo editor de cultura ten que rescatar o amor da súa vida. Vese envolto sen querer nunha película de acción rodada por un imprevisible director. O editor supera todo tipo de obstáculos de acordo coas regras do xénero e usará o seu enxeño por riba da violencia para resolver o que lle boten.

REPARTO: Jirí Mádl , Kryštof Hádek , Lenka Haluzová , Jirí Vyorálek , Radim Špacek , Miloš Kameník

Selección oficial – Summer Film School Uherské Hradište

DIRECCIÓN:
Jan Haluza

APOIA:

RÍAS BAIXAS FILM FEST

CONCELLO DE VIGO

BLOQUE CURTAS

HUMOR FREAK Vol. 2

Venres 30 outubro // 19.00h
SALA OVERLOOK

- TIENMINUTENGESPREK (Estrea en ESPAÑA)
- NO, I DON'T WANT TO DANCE! (Estrea en ESPAÑA)
- LA SILLA ELÉCTRICA (Estrea en GALICIA)
- ONE LEFT
- DINOSAURS: THE TRUE STORY (Estrea en GALICIA)
- MALDITA (Estrea en GALICIA)

TIENMINUTENGESPREK

PAÍSES BAIXOS // 2019 // 11' 21"
JAMILLE VAN WIJNGAARDEN

Cando Marit quere falar do comportamento do seu fillo durante unha reunión entre nais e profesoras, a profesora Yvonne xa non pode reprimir os seus sentimentos acumulados. Unha comedia asasina con pintura de dedos.

REPARTO: Raymonde de Kuyper, Randy Fokke, Renske de Greef

- Premio Mellor Curtametraxe – De Zilveren Krulstaart 2018
- Premio Mellor Curtametraxe Internacional – Emden International FF 2019

DIRECCIÓN:
Jamille Van Wijngaarden

- Catastrophe (Short) (2017)
- Ashes to Ashes (Short) (film director) (2017)

NO, I DON'T WANT TO DANCE!

INGLATERRA // 2019 // 2' 39"
ANDREA VINCIGUERRA

A danza pode ser moi, moi perigosa, incluso mortal.

- Premio do Xurado – SXSW Film Festival
- Selección oficial – Sundance 2020
- Selección oficial – Animaphix International Animation Film Festival

DIRECCIÓN:
Andrea Vinciguerra

- Teeth and Pills (2018)
- The Fox Who Hated Cheese (2004)

LA SILLA ELÉCTRICA

ESPAÑA // 2019 // 17'
JOAN MARTÍN GIMÉNEZ

Julio, atopa un recorte de xornal que conta como un americano condenado a morrer na cadeira eléctrica é indultado despois de sobrevivir a dous choques. Impresionado con tal fazaña, emprende unha viaxe para demostrar que el tamén podería e, así, gañar o respecto de todos .

REPARTO: Lolo Herrero , Fele Pastor

- Premio Mellor Curtametraxe de Badalona – FILMETS, Badalona film festival
- Selección oficial – 36th Miami Film Festival

DIRECCIÓN:
Joan Martín Giménez

- Bonastra (2014)
- CandyHearts (2013)
- Perdido (2013)



ONE LEFT

AUSTRIA // 2020 // 6’ 12”
SEBASTIAN DORINGER

Varios pacientes esperan no consultorio dun médico para coñecer a súa esperanza de vida. Na maioría dos casos, o tempo asignado non é o que esperaban.

- Selección oficial – Festival RIR 2020
- Selección oficial – Curt’Arruda

DIRECCIÓN:
Sebastian Doringer

- Umami (2019)



DINOSAURS: THE TRUE STORY

FRANCIA // 2020 // 4’
PAUL-LOUIS AEBERHARDT

Mentres os dinosauros dan os seus primeiros pasos na lúa, un asteroide xigante diríxese cara a Terra. Na terra, a JASA (Jurassic Aeronautics and Space Administration) está preparada para evitar o desastre.

- Premio Mellor Curtametraxe de Animación – Arouca Film Festival
- Mención Especial do Xurado – Short Of The Year

DIRECCIÓN:
Paul-Louis Aeberhardt

Esta é a súa primeira curtametraxe



MALDITA

ESPAÑA // 2019 // 19'

JUANJO MOSCARDÓ RIUS, SUSO IMBERNÓN

Javi, de 8 anos, está traumatizado polas películas de terror que a súa avoa Candi interpreta todas as noites. De feito, cre que a vive cando Candi sofre unha parada intestinal e confúndeo cunha posesión infernal.

REPARTO: Empar Ferrer, Jorge Martinez, Resu Belmonte

- Premio Mellor Dirección – Something Wicked Film Festival 2020
- Premio Mellor Curtametraxe Valenciana – Festival Mostra't Gandia 2020

DIRECCIÓN:
Juanjo Moscardó,
Suso Imbernón

MOSCARDÓ:
- Amor en Polvo (2019)

IMBERNÓN:
- Cuando Todo Pase (2013)

APOIA:

crea
ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA DIRECCIÓN E REALIZACIÓN

BLOQUE CURTAS

HUMOR FREAK Vol. 3

Sábado 31 outubro // 12.30h
SALA OVERLOOK

- BLOODY STAIR (Estrea MUNDIAL)
- HITTE (Estrea en GALICIA)
- HEATWAVE
- WHAT IF???
- LA BOITE (Estrea en ESPAÑA)
- LE SYNDROME D'ARCHIBALD (Estrea en GALICIA)

BLOODY STAIR

COREA DO SUR // 2019 // 14' 33"
JEONGMU LEE

Unha banda que vive da venda ilegal de sangue decide roubar un banco. Comezan a pelexar por quen tomará a dianteira do roubo a un banco a man armada. Un tránsfuga de Corea do Norte, o cabo Lee, suxire escoller un papel como grupo sanguíneo.

REPARTO: Jeong Hui-Ranl, Lee Seung-Hwan, Kim Kyung-Miin, Lee Ba-Ul

DIRECCIÓN:
Jeongmu Lee

HITTE

PAÍSES BAIXOS // 2019 // 2’ 24”
THESSA MEIJER

Durante unha vaga de calor extrema, unha tímida rapaza busca refuxio nunha xeadería. Pero cando mira aos ollos do encantador vendedor, non se atopa de todo ben.

REPARTO: Famke Louise, Daniël Kolf , Anouk van Efferen, Priscilla Nurlette Da Costa

- Selección oficial – Sitges Film Festival 2019
- Selección oficial – Les Arcs Film Festival

DIRECCIÓN:
Thessa Meijer

- Nervosa (2019)
- The Day my House Fell (2017)

HEATWAVE

INGLATERRA // 2019 // 7’ 16”
FOKION XENOS

No medio dunha onda de calor de tolear, dous nenos atopan o xeito de refrescalos a todos.

- Selección oficial – ANNECY 2020
- Selección oficial – FIC Bueu 2020
- Selección oficial – Anima Mundi

DIRECCIÓN:
Fokion Xenos

- Deep Dive 9 (2017)
- The Queue (2017)

WHAT IF???

ESPAÑA // 2020 // 4' 52"
ENRIQUE GARCÍA

Ano 2020. Un científico recibe unha IP para falar cunha cámara web dun ordenador de 1999. E se…???

REPARTO: Steven Lance, David Mena

- Selección oficial – Festival RIR 2020
- Selección oficial – FICVI, Festival Internacional de Cortometrajes de Vila-Seca

DIRECCIÓN:
Enrique García

- Resort Paraíso (2016)
- 321 Días en Michigan (2014)



LA BOITE

FRANCIA // 2019 // 11' 13"
MARIE-PIERRE HAUWELLE

Non hai nada raro en recibir un paquete na caixa do correo. «Si, pero … e se …?» son o tipo de pensamentos miserables que fan que Chloé conxure escenarios descabelados. Se a ansiedade fose unha arte, Chloé dominouna.

DIRECCIÓN:
Marie-Pierre Hauwelle

- Mangamikaze (2011)
- Mémoires de Chiffons (2009)
- Face de Cratêre (2008)

LE SYNDROME D'ARCHIBALD

FRANCIA // 2019 // 19' 02"

DANIEL PEREZ

Archibald naceu cunha curiosa maldición: non pode facer un movemento sen que todo o mundo faga o mesmo. Agora, xa un home adulto, rouba un banco en plena desesperación, onde coñece a Indiana, unha moza que sempre escapou de toda forma de control.

REPARTO: Tom Hudson, Jade Hénot, Marik Renner, Henry Bastien d'Elie

DIRECCIÓN:
Daniel Perez

APOIA:

proxecta

BLOQUE CURTAS

QUE CARALLO É ISTO? Vol. I

Venres 30 outubro // 17.30h
SALA OVERLOOK

- TWO BODIES ON A BEACH (Estrea en GALICIA)
- UNKOMAN (Estrea en ESPAÑA)
- SH_T HAPPENS
- MEGA SEXY ROBOT DINASAUR (Estrea en ESPAÑA)
- TOOMAS BENEATH THE VALLEY OF THE WILD WOLVES (Estrea en GALICIA)



TWO BODIES ON A BEACH

FINLANDIA // 2019 // 20'
ANNA PAAVILAINEN

Unha muller esperta nunha praia envolta en plástico, case espida e con tacóns altos. «Non outra vez», suspira e decide descubrir quen está detrás disto. Convence a unha muller maior que foi empurrada á marxe da sociedade para acompañala nesta viaxe de vinganza.

REPARTO: Laura Birn, Rea Mauranen, Tommi Korpela, Lauri Maijala

- Premio Mellor Guión – Open Place Int. Festival 2019
- Mención Especial – Tampere Film Festival 2019

DIRECCIÓN:
Anna Paavilainen

- Play Rape (Short) (2019)
- Force of Habit (2019)



UNKOMAN

XAPÓN // 2019 // 2’ 44”
HIKARU TSUKUDA

Nunha tranquila beira do río, unha muller camiña co seu bebé. Un delincuente raposeiro axexa. Quen salvará a esta familia? É… MERDA-MAN!

REPARTO: Yuki Mizuno, Hikaru Nomura, Mika Tohyama

- Selección oficial – 8th Unko FF
- Selección oficial – Sappro International Short FF
- Selección oficial – Monster Fest

DIRECCIÓN:
Hikaru Tsukuda

- Himiko the Godslayer vs. The Legion of Azure Dragons from Hell (2015)

SH_T HAPPENS

CHEQUIA // 2019 // 13’ 06”
MICHAELA MIHÁLYIOVA, DAVID STUMPF

Un conserxe esgotado, a súa frustrada muller e un cervo totalmente deprimido. A súa mutua desesperación lévaos a acontecementos absurdos, porque… merdas suceden todo o tempo.

- Mención especial do xurado – Animakon fest (Estudantes)
- Selección oficial – Sundance 2020

DIRECCIÓN:
Michaela Mihályiova, David Stumpf

MIHÁLYIOVA
- Feels (2018)

STUMPF
- Woo-Hoo! (Short) (2018)
- Cowboyland (Short) (2016)



MEGA SEXY ROBOT DINASAUR

GALES // 2018 // 4’ 09”
PAUL HOWARD ALLEN

Todo vai do título. Coido que está ben claro.

REPARTO: Keith Meredith

- Premio Audience Award Prix Très Chic – VIS Vienna Independent Shorts 2020
- Selección oficial – 41st Clermont-Ferrand International SFF 2020

DIRECCIÓN:
Paul Howard Allen

- My 70’s Vlog (Video documentary short) (2019)
- Peaceful Progress: A Graffiti Story (Documentary short) (2018)
- Long Winded (Short) (2017)



TOOMAS BENEATH THE VALLEY OF THE WILD WOLVES

ESTONIA // 2019 // 18’
CHINTIS LUNDGREN

Toomas é un empregado de oficina cun historial perfecto. Cando perde o traballo, ten que buscar o xeito de alimentar á súa familia e ocultar que se converteu en fontaneiro e desatoador.

REPARTO: Draško Ivezic, Leon Lucev, Lee Delong, Dražen Šivak, Chintis Lundgren

- remio Grand Prix – Animatou 2019
- Selección oficial – Animafest Zagreb 2020

DIRECCIÓN:
Chintis Lundgren

- Manivald (2017)
- Life with Herman H. Rott (2015)

BLOQUE CURTAS

QUE CARALLO É ISTO? Vol. 2

Sábado 31 outubro // 16.30h
SALA OVERLOOK

- LIFE24 (Estrea en GALICIA)
- OPERATION: RAMBU!
- FARCE (Estrea en GALICIA)
- SLUG LIFE (Estrea en ESPAÑA)
- TO THE BONE (Estrea en ESPAÑA)

LIFE24

ESTONIA // 2019 // 9'
KRISTJAN HOLM

O confirmado solteiro Einar Jernskjegg gaña a lotería.

- Selección oficial – ANNECY 2019
- Selección oficial – Sitges Film Festival 2019
- Selección oficial – Festival de Cine de Madrid 2020

DIRECCIÓN:
Kristjan Holm

- Worst-Case Scenario (Short) (2014)
- Suur maja (Short) (2011)
- Põgenemine (Short) (2009)



OPERATION: RAMBU!

NOVA ZELANDIA // 2019 // 7' 50"
STEVE AUSTIN

Confundido con Stallone nas rúas de Iacarta, ofrécese a un limpador de cristais de Nova Zelandia o papel principal que mudará a súa vida nunha estafa indonesia de Rambo. Catapultado á fama por máis de 10 tolos anos de películas con baixo orzamento, Peter O'Brian afastouse da vida pública tras virar cara a relixión. Pero agora volveu! 20 anos despois, aliñaranse os planetas para que Peter poida cumprir finalmente o seu potencial actoral?

REPARTO: Peter O'Brian

DIRECCIÓN:
Steve Austin

- Jour du Biscuit (Short) (2016)

FARCE

NORUEGA // 2019 // 10' 34"
ROBIN JENSEN

Un home, unha muller e unha picadora de carne. Un home acaba nun vórtice codicioso e decadente mentres tenta salvar tanto o seu rabaño de renos como a muller que desexa. Unha terrible fábula sobre a paixón fatal. O amor é sucio.

- Premio Terje Vigen-prisen – Norwegian SFF 2019
- Selección oficial – Sundance 2020

DIRECCIÓN:
Robin Jensen

- Det trygge huset/ The Shelter (2016)
- Omplassering/ Transferee (2014)



SLUG LIFE

INGLATERRA // 2018 // 6' 30"
SOPHIE GATE

Un día na vida de Tanya, unha muller curiosa que desenvolveu un gusto especial polos amantes non humanos.

REPARTO: Jeanette Bonds, Tom Scotcher, Vincent Oliver, Sophie Koko Gate

- Mención do Xurado – 16th VIS (Vienna Independent Shorts)
- Selección oficial – Sundance 2019

DIRECCIÓN:
Sophie Gate

- Half Wet (2014)
- Marcy's Tenderloin (2013)

TO THE BONE

FRANCIA // 2019 // 30'
SÉBASTIEN BETBEDER

Thomas veu a Amiens para seguir a Rebecca que, ao pouco tempo, deixouno. So na cidade de Macron, cun traballo como xornalista local que o aburre ata a morte, Thomas tenta superar a súa depresión. Nese momento vital, pídenlle que escriba un retrato de Usé: unha figura local inevitable, músico atípico e ex candidato ás eleccións municipais. Viaxando pola cidade e pola vida de Usé, entregándose a unha noite de borracheira, os dous homes acaban por coñecerse.

REPARTO: Thomas Scimeca, Jonathan Capdevielle, Alma Jodorowsky

- Selección oficial – 41st Clermont-Ferrand International SFF 2020

DIRECCIÓN:
Sébastien Betbeder

- Debout sur la montagne (2019)

BLOQUE CURTAS

SESIÓN ESPECIAL "SERIAL KILLER"

Sábado 31 outubro // 18.00h
SALA OVERLOOK

- FIFTY (Estrea en GALICIA)
- THE BLOODBATH (Estrea en ESPAÑA)
- CASSANDRA (Estrea en GALICIA)
- TOGETHER (Estrea en ESPAÑA)

FIFTY

ESPAÑA - EUA // 2019 // 19'
JAVIER DAMPIERRE

Unha psiquiatra de renome mundial ponse a proba cando un misterioso paciente revela a súa verdadeira identidade.

REPARTO: Dey Young, Sasha Golberg, Luca Nicora, Daniel J. Silva, Cessar Vargas

- Premios Mellor Curta, Mellor Actor e Mellor Actriz – Eko IFF
- Mención Especial do Xurado – Short Of The Year

DIRECCIÓN:
Javier Dampierre

- Voltage (Short) (2015)
- Lo imposible de lo imposible (2014)



THE BLOODBATH

FRANCIA // 2019 // 20' 07"

EMMANUEL HAMON, GILLES LEROUX

Os cinco membros dunha banda de metal gótico, o seu director e un motorista son a presa dun asasino psicópata no bosque.

REPARTO: Lucille Bobet, Jean-Paul Dix, Adeline Proust

DIRECCIÓN:
Emmanuel Hamon,
Gilles Leroux

HAMON
- Une tous les 3 jours (2018)



CASSANDRA

EUA // 2019 // 13'

DAVID TOLCHINSKY

Unha policía chamada Crawley loita por recordar o que pasou na antiga granxa Wilson, o lugar previsto para o seguinte asasinato dunha asasina en serie chamada Cassandra.

REPARTO: R.J. Barnes, Thomas Bradshaw, Sara Bues

- Premio ao Mellor Director (Crime Short) – Anatomy Crime and Horror FF 2019
- Premio ao Mellor Director – Atlanta Underground FF 2020

DIRECCIÓN:
David Tolchinsky

- The Coming of Age (Short) (2016)



TOGETHER

EUA // 2019 // 19' 11"
RYAN OKSENBERG

Unha limpeza de reparación de riscos biolóxicos considera ameazada a integridade do seu negocio despois de contratar a un técnico con insaciable apetito polo seu traballo.

REPARTO: Robert Bravo, Karin Collison, Clayton Farris

- Premier – Bucheon IFFF 2019
- Selección oficial – Fantasia 2019
- Premio Mellor Opera Prima – Studio Fest 2019

DIRECCIÓN:
Ryan Oksenberg

- Damage Control (Short) (2018)
- Night Light (2016)

COLABORACIÓN ESPECIAL:

hotelbahiadevigo
by Sercotel Hotels

GADIS

GARPE.com
CUIDAMOS TU IMPRESIÓN

CLAUSURA DO FESTIVAL: PREMIER 'DEVORADOS POR LA NOCHE' + #CURTAOUSUSTO + ENTREGA DE PREMIOS

Sábado 31 de outubro / 19.30h
SALA OVERLOOK



DEVORADOS POR LA NOCHE

GALICIA // 2020 // 4'
ÓSCAR DOVISO

Anos 80. O cantante dunha banda de rock conta o que lles acontece a el e á súa banda unha noite, logo dun concerto.

REPARTO: Christian Escuredo e Ledicia Sola.

DIRECCIÓN:
Óscar Doviso

- O Rebelde (2016)
- Sin motivo aparente (2014)
- desQue (2012)

#CURTAOUSUSTO

A pesares da gran paralización que sufriron a meirande parte das actividades culturais a causa da pandemia, a organización do Galician Freaky Film Festival lanzou a comezos de maio unha convocatoria para todos os creadores e creadoras audiovisuais, tanto afeccionados como profesionais, co fin de que poñan en forma o seu músculo creativo.

Para iso lanzou o concurso Curta ou Susto no que participaron con obras dun máximo de trinta segundos (sen ter en conta a duración dos créditos finais) nos que se transmita calquera sensación que produza un forte arrepío nos espectadores.

Os participantes publicaron o seu vídeo incrustado nas súas propias contas de Facebook, Instagram ou Twitter, seguir nesa mesma rede ao GFFF, utilizar o hashtag #CurtaOuSusto e ademais etiquetar ao festival. Os mellores traballos proxectaránse na Clausura e entrega de premios do sábado 31de outubro.

Nesta gala de clausura terá lugar a entrega dos seguintes **premios**:

PREMIOS DO XURADO

'Gran Premio GFFF'
á curtametraxe máis freak

Premio 'Neuronas Fritidas'
á curtametraxe máis extrema ou turbia

Premio 'CREA'
á mellor realización

Premio 'Ben Dito'
ao mellor guión

PREMIOS DO PÚBLICO

Premio 'Olimpo dos Freaks'
á curtametraxe máis aplaudida

Premio 'Arrepío'
á mellor curtametraxe de terror

Premio 'Escarállome'
á mellor curtametraxe de humor

O NOSO XURADO

DAVID FIDALGO OMIL

A súa carreira céntrase en facer curtametraxes de animación cun carácter moi persoal. Coa súa última curtametraxe *Homomaquia* obtivo un nomeamento aos premios Goya 2020 na categoría de Mellor Curtametraxe de Animación, ademais de estar presente en moitos festivais, como o Festival de Málaga onde gañou o Biznaga de Prata do Premio do Público por Mellor Curtametraxe de Animación, a única lacra foi non poder estar no GFFF, malditos friquis.

LOIS E. FROIZ

Lois E. Froiz nace en Compostela en 1985. Alí medra (aínda que non moito) e comeza a meterse no mundo das películas, desenvolvendo rápidamente unha insana fascinación por Centroeuropa que o leva a emigrar para vivir alá e investigar o cinema da zona, máis concretamente o surrealista e comunista. Grazas a iso, e anos despois de que xa lle deran a súa Licenciatura en Comunicación Audiovisual, engana á Universidade de Santiago de Compostela para que lle dean tamén un doutorado en Comunicación e Información Contemporánea. Durante o seu tempo libre tamén logra dirixir unhas cantas curtas nas que, para aparentar ser menos pretencioso do que é, pón a excusa de xogar coa experimentación narrativa, e unha longametraxe documental sobre o moi manido tema do Death Metal galego. Na actualidade, buscado polos seus acreedores, malvive como profesor e investigador de fortuna. Se vostede ten algún problema, cecáis poida contratar a alguén competente antes que a el.

BRIAN RODRÍGUEZ CORTIÑAS

Lugo. En outono de 1994 obrígano a montar nuns coches de choque para nenos e, froito dos nervos, atropella por detrás ao home que vixía o recinto. En febreiro de 2003 fai o seu primeiro exame da Licenciatura en Humanidades (USC) ataviado cun tanga vermello de muller que ninguén percibe. En 2007, xa máis serio e conservador, decide ver que hai máis aló da muralla de Lugo e marcha a Santiago de Compostela onde obtén un Diploma de Estudos Avanzados en Literatura Comparada (USC). Presa do síndrome do eterno universitario inscríbese nun máster de Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais na UdV. En maio de 2011, farto de tirar mal a cervexa no Festival de Cans razona que os que piden voluntarios nos festivais son uns desalmados. Comeza a centrarse na súa labor como guionista, realizador e editor de vídeo. Nesta época pasa a formar parte do proxecto teatral lucense Microefectos Dramatúrxicos onde escribe pezas breves a esgalla a interpreta unha morea de papeis. En agosto de 2013, minutos antes de comezar a rodar a curta *Cambio de especie*, ao aparecer os intérpretes ponse nervioso e o seu pene encolle ata case desaparecer. Entre 2014 e 2016 excreta dúas curtas máis: *Italo Disco Death* e *De fiestuki con la peñuki*. En agosto de 2017 farto da procrastinación creativa impulsa xunto a un amigo o proxecto audiovisual lucense Cinerxias. En outubro de 2018, tras acudir como convidado ao GFFF por mor da súa curta *Maullidos de látex*, retírase ao hostal ás seis da mañá tras beber vermú e Licor 43 xunto á organización. En setembro de 2020, xusto antes de entrar nun concerto en Lugo, tómanlle a temperatura e o trebello marca 32,5 graos.

PODCAST 'ANÓNIMO IV'

Xoves 29 de outubro / 15.00h
SALA OVERLOOK

Anónimo IV é un podcast sobre musicoloxía e investigación musical realizado en Galicia por Erea Carbajales, Brais González e múltiples colaboradores. Anónimo IV trata de ser un espazo de divulgación musical que se achega a xente dende o eido da musicoloxía e a investigación rigurosa dun xeito o máis ameno posible.

O Galician Freaky Film Festival e o festival de cinema underground, freak e pulp de referencia no territorio Galego. Membro de Proxecta e Pantalla, celebra este ano a súa #3Edition no que amosará unha escolma de 60 abraiantes curtametraxes e diversas actividades paralelas. Coa vontade de construir unha mesa redonda de análise e debate sobre:

- A BSO NO CINEMA FANTÁSTICO E DE TERROR: Características e instrumentación propias do xénero. Evolución das BSOs fantásticas a través das décadas. Situación en Galicia.
- O FENÓMENO FAN NAS BANDAS SONORAS: A BSO como producto e elemento de mercado.
- EPIC MUSIC: Desenvolvemento e evolución da Epic Music, xénero moi ligado ó cinema fantástico, dende Wagner a "Lord of the Rings".
- GRANDES FREAKS: Achegamentos ao xénero por parte dos grandes compositores de bandas sonoras.
- VIDEOXOGOS, ¿UNHA NOVA FRONTEIRA?: Reflexión e debate sobre cómo os videoxogos supoñen unha nova forma de expresión musical para os compositores.

A maiores dos temas tratados na mesa de debate, o programa contará con dúas seccións, conducidas cada unha por un dos presentadores do programa e na que os invitados están convidados a participar e aportar se así o estiman oportuno:

- ÓPERA E CIENCIA FICCIÓN: A ciencia ficción na música clásica e na lírica. Óperas, operettas e zarzuelas con temas fantásticos, dende o Barroco ao siglo XX. (conducido por Brais González) .
- ORGANOLOXÍA FANTÁSTICA: Un percorrido polos distintos instrumentos musicais fantásticos que podemos encontrar en distintas sagas cinematográficas: dende os instrumentos da cantina de "Star Wars" á harpa-lira de "Dune". (conducido por Erea Carbajales)

Esta mesa estará dirixida e moderada por Erea Carbajales e Brais González. E como convidados: Nani García, Manuel Riveiro e Conrado Xalabarder.

DIRIXEN E MODERAN:

Erea Carbajales

Violinista, musicóloga y etnomusicóloga especializada en la relación entre la música audiovisual y la música para videojuegos. Continúa su formación cursando el máster en Musicología Aplicada en la Universidad de la Rioja. Ejerce como editora y asesora técnica en la empresa de servicios musicales *Dos Acordes*, colabora como violinista con el grupo Caspervek Trío y con la Orquesta Vigo 430 y es coproductora del podcast Anónimo IV.

Brais González

Brais González (Vigo, 1987) pianista y compositor, formado en la Universidad Mozarteum de Salzburg y los Conservatorios de Vigo y Oviedo. Premiado en diversos concursos internacionales de piano como el Ciudad de San Sebastián, Cidade de Ferrol, Ricard Viñes de Lleida o Nikolaï Rubinstein de París. Muy activo en la música de cámara, ha actuado en más de una veintena de países europeos. Es miembro fundador del grupo especializado en cine mudo Caspervek Trio.

CONVIDADOS:

Nani García

Compositor, músico, arreglista, e produtor musical. Inicia a súa formación musical en composición e jazz en Suecia entre os anos 1976 e 1980 á vez que cursa estudos de lingüística nas Universidades de Upsala e Estocolmo. Conta cunha longa experiencia nos diversos formatos do medio audiovisual (anuncios, tee series, vídeo exposicións). Autor de bandas sonoras para longametraxes de animación e ficción, obras de teatro, curtametraxes, programas de TV, conta con máis de 100 publicacións entre obras de jazz , producións audiovisuais, producións para outros artistas. O seu selo persoal queda plasmado en obras do cinema de animación como *De Profundis*, *Engurras* ou *O Xigante*.

Manuel Riveiro

e

Conrado Xalabarder

Manuel Riveiro é un músico e compositor que leva preto de vinte anos compoñendo música tanto para cine como para televisión. Neste eido ten composto bandas sonoras como *El final del camino* ou *La unidad*. Para a gran pantalla ten participado tanto en películas nacionais como *El desconocido* ou *La sombra de la ley,* dirixidas por Dani de la Torre, e nas películas de terror norteamericanas *The Green Inferno* ou *Knock Knock,* de Eli Roth.

(consultar bio na páxina 55).

MESA CADRADA FFFG
"FESTIVAIS FREAKS E FANTÁSTICOS GALEGOS"

Venres 30 de outubro / 12.00h
SALA OVERLOOK

Este ano queremos celebrar o bo estado de saúde dos certames de xénero da nosa comunidade cun encontro e debate público cos responsables dos tres festivais de referencia de temática fantástica e freak do noso territorio.

FKM Festival de Cinema Fantástico da Coruña, Fancine de Lemos, de Monforte e GFFF de Vigo como anfitrión deste primeiro encontro.

Trataráse o estado actual destes certames, a súa diferenciación entre eles, a súa proxección internacional e a creación dunha xestora que aglutine estes eventos e consolide así o seu peso non panorama de festivais galegos e nacionais. Afondaráse tamén no proceso de profesionalización dentro do sector dos festivais de cinema.

MODERA:

Ignacio Lago
Produtor e Programador no GFFF

PARTICIPAN:

Luis M. Rosales
polo Curtas do Imaxinario
de Vilagarcía de Arousa

Iván Patiño
polo Fancine
de Lemos

Tonecho Otero
polo FKM
Festival de Cinema
Fantástico da Coruña

Miriam P. Álvarez
e Juan de Castro
polo GFFF
de Vigo

AULA CREA

Venres 30 de outubro / 16.00h
SALA OVERLOOK

Da man da sempre voluntariosa **Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización (CREA)** presentamos esta ano a **AULA CREA**, un espazo para a divulgación e a formación dentro do noso festival.

Temos a fortuna de contar nesta edición do GFFF cun dos maiores expertos internacionais no estudo e análise das bandas sonoras cinematográficas: **Conrado Xalabarder**. Unha ocasión excepcional para coñecer a un auténtico mestre neste eido do cinema.

Conrado é un profundo coñecedor non so das bandas sonoras se non tamén do seu uso no cinema e proxectos audiovisuais. É de destacar tamén as súas entrevistas aos máis relevantes compositores da historia do cine e as súa charlas e clases en España e América.

Para esta conferencia resultaba moi acaída unha temática afín aos nosos xéneros favoritos, así que con todo vostedes: **"As estratexias musicais do terror"** Non a perdan!

CONRADO XALABARDER

Conrado Xalabarder é un recoñecido especialista en música de cinema, de prestixio internacional. É autor dos libros **Enciclopedia das Bandas Sonoras**, **Música de cinema: Unha ilusión óptica** e **O Guion Musical no Cinema**, e participou en varios libros colectivos. Colabora desde 1996 en Fotogramas, a revista de cinema de maior difusión en España, escribindo comentarios sobre bandas sonoras. Escribiu sobre o tema en numerosos diarios españois. É o creador e autor de **www.mundobso.com**, o maior portal de bandas sonoras comentadas do mundo, con máis de 30.000 bandas sonoras comentadas e onde ademais hai numerosos artigos e vídeos publicados sobre música de cinema, desde diferentes perspectivas.

Participa habitualmente como conferenciante en seminarios, talleres e charlas en torno ao tema, profesor de Bandas Sonoras en Universidades, impartiu clases en diversos talleres, seminarios, master-clases, universidades, conservatorios, etc., tanto en España como en América (México, Arxentina e Colombia) e en Europa (Francia e Polonia).

EXPOSICIÓN RETROSPECTIVA PAULO MOSCA

Do 28 ao 31 de outubro
SALA OVERLOOK

Como viñemos desenvolvendo nas últimas edicións do noso certame, unha das facetas importantes e destacadas da oferta cultural do festival e do noso espazo de proxeccións é a nosa exposición e curaduría de artistas galegos. Se o ano pasado foron **Alberto Hortas** e **Josef Méndez**, desta quenda tócalle a **PAULO MOSCA**.

PAULO MOSCA é un artista totalmente alleo as modas e ao políticamente correcto. Cun estilo propio e cun discurso provocador e "punk" consegue coas súas pezas, tanto gráficas como audiovisuais, non deixen ao público indiferente ante a causticidade e irreverencia da súa proposta. A exposición estará articulada retrospectivamente dende os seus comezos, cos traballos en fancines e cómics, pasando polas ilustracións salvaxes da súa "etapa rosa", ás últimas creacións para animacións e tamén parte do seus derradeiros traballos aínda non expostos ao público.

As montaxes expositivas na nosa Sala caracteríazanse polo coidado e profesionalidade en todos os procesos, traballando conxuntamente co artista e creando un espazo propio e diferenciado.

www.paulomosca.com

SUBTITULADO ENXEBRE. "EN GALEGO, FAI FAVOR"

Unha das tarefas que o equipo de programación e subtitulado ven acomentendo estes anos é a tradución, sincronización e subtitulado das curtas extranxeiras que aínda non dispoñen de subtítulos en castelán e/ou galego. De feito o noso equipo xa construíu algúns dos subtítulos en castelán para a distribución nacional de curtas nomeadas, coma Third Kind de Yorgos Zois. Para esta edición imos virnos arriba e levar a cabo algo xa desexado dende a nosa edición #0.

O GFFF 2020 vén con subtítulos ao galego en moitos dos filmes extranxeiros, e ademais no noso galego. Alguén pode esquecer dobraxes xa míticos da TVG coma Pulp Fuction, O sarxento de ferro, Terminator. Un gran traballo pero coma todo o que facemos o equipo do GFFF, será para e polo noso querido público.

SUBTITULADO-SESIÓN PARA XORDOS

O equipo de programación e subtitulado vai preparar unhas sesión destinadas ao público con dificultades auditivas. O GFFF exhibirá curtametraxes nacionais e internacionais adaptadas. Seguindo a norma UNE 153010, o noso festival intentará favorecer a integración das persoas xordas ou con discapacidade auditiva. A partir dunha serie de convencións e regras estipuladas na devandita norma, o subtitulado para xordos permite que o espectador con discapacidade auditiva entenda:

Os diálogos dos actores ou as persoas que interveñen nun programa audiovisual, así como as cancións, indicándose quen fala en caso necesario. O modo en que se producen estes diálogos mediante a información suprasegmental, que indica a énfase, o ton de voz, os acentos, os idiomas estranxeiros, etc.
Os efectos sonoros, así como os ruidos ambientais e a música instrumental. Os elementos discursivos que forman parte da obra e están noutros idiomas, como rótulos, pantallas de computador, cartas, etc.

MEDIDAS COVID

Para celebración da edición 2020 do GFFF - Galician Freaky Film Festival a organización implementará unha serie de medidas para neutralizar o impacto da COVID 19, e celebrar esta edición nunha contorna de máxima seguridade para os asistentes.

Debido a crise sanitaria por mor do coronavirus, o evento realizarase seguindo unhas rigorosas medidas de hixiene e prevención. Así, co obxectivo de ter un espazo seguro, este ano o festival mudará de localización e celebrarase na sala Overlook, no hotel Bahía de Vigo e levarase a cabo un estrito protocolo de seguridade co fin de garantir a saúde dos asistentes, invitados e o equipo do festival.

Deste xeito o aforo será moi limitado, cun público fixo para os catro días o uso de máscaras será obrigatoria, haberá xel hidroalcohólico a disposición dos asistentes e o sentido de circulación será único e intensificarase a limpeza, tanto entre sesións coma ao rematar cada xornada.

LIMPEZA DE SALA ENTRE SESIÓNS

DISPENSADORES DE XEL HIDROALCÓLICO

DISTANCIA DE SEGURIDADE

USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA

TOMA DE TEMPERATURA

VENDA DE BILLETES ONLINE

Galicia de cine, Galicia de festivais

MICE Mostra Internacional de Cinema Etnográfico. Santiago de Compostela, 25-29 agosto
Festival de Cans. O Porriño, 2-5 setembro
Vía XIV Festival Internacional de Curtas de Verín, 5-13 setembro
FICBUEU. Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu, 11-19 setembro
Festival Primavera do Cine en Vigo, 15-20 setembro
Play-Doc International Film Festival. Tui, 23-27 setembro
(S8) Mostra de Cinema Periférico. A Coruña, 27 setembro-3 outubro
Curtocircuíto Festival Internacional de Cine. Santiago de Compostela, 3-11 outubro
Festival de Cine Inclusivo de Vigo, 13-17 outubro
GFFF Galician Freaky Film Festival. Vigo, 28-31 outubro
Carballo Interplay, 18-21 novembro
Semana de Cine de Lugo, 23-28 novembro
Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra, 15-20 decembro

Certames subvencionados pola Xunta de Galicia.
Convocatoria de axudas a festivais do sector audiovisual de 2020

Fotograma de *A illa das mentiras*, da directora Paula Cons

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2021

ORGANIZA

ABELLA

APOIAN

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

AXENDA 2030

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE · ICAA

RÍAS BAIXAS FILM FEST

crea

proxecta

CONCELLO DE VIGO

COLABORACIÓN ESPECIAL

hotelbahiadevigo by Sercotel Hotels

GADIS

GARPE.com

CANDELAS

FILMIN

PORTO-MUIÑOS

a Movida

Nikis Galicia Style

PATROCINAN

aula d

CAIXA RURAL GALEGA

sémola

daveiga

WOODTOWN

GRUPO MICROGAL
www.microgal.es

VAIDHE

ANA PRADO ASESORÍA

@GFFFestival

@gfffestival

GalicianFreakyFilmFestival

galicianfreakyfestival.com

info@galicianfreakyfilmfestival.com